

Concello de Betanzos
Praza de Galicia, Nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: sede.betanzos.es

INFORMACION PUBLICA

Expte de concesión de nome “Velódromo ciclista José García Ventosa” ao velódromo que rodea o estadio de fútbol García Irmans no Carregal.

O Concello de Betanzos está tramitando expediente para a concesión do nome “Velódromo ciclista José García Ventosa” ao velódromo que rodea o estadio de fútbol García Irmans no Carregal.

Durante un prazo de 20 días, de acordo co establecido nos artigos 22 e 23 do Regulamento de Honras e Distincións do Concello de Betanzos (BOP de data 19/01/2019), estará sometido o expediente a información pública e poderán consultarse e presentarse alegacións ou suxerencias ao respecto que serán tidas en conta pola instrutora do expediente.

Xuntase a proposta da instrutora do expediente

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A instrutora

Dona Ana Belen Veiga Pita,

Concelleira de Nomenclátor, Honras e distincións

Concello de Betanzos
Praza de Galicia, Nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: sede.betanzos.es

Proposta do órgano instrutor de Concesión de nome “Velódromo ciclista José García Ventosa” ao velódromo que rodea o estadio de fútbol García Irmans no Carregal.

Dona Ana Belen Veiga Pita, concelleira de Nomenclátor, Honras e distincións; Escola de Folclore, Conservatorio e actividades musicais e Normalización Lingüística, nomeada instrutora do presente expediente por Providencia de alcaldía de data 27/03/2019, realiza os seguintes actos de instrución:

ANTECEDENTES

Falar do ciclismo en Betanzos é falar de José García Varela “Ventosa”.

Fundador do Club Ciclista Betanzos, José é unha das persoas máis relevantes da historia deportiva da nosa cidade.

A parte dos seus éxitos como deportista, “Ventosa” sempre será lembrado polas innumerables horas que lle dedicou a formar e educar a decenas de mozos e mozas brigantinos, aos que se adicou en corpo e alma e de forma totalmente desinteresada, tanto na súa labor de adestrador como en innumerables viaxes de fin de semana por Galicia e España, para que o nome de Betanzos estivese no máis alto dos pódiums.

José tamén foi un dos precursores do velódromo polo cal nos nosos días adestran centos de mozos e mozas e non tan novos, cada día.

Por todo isto, o pasado día 27 de febreiro de 2019 celebrouse unha sesión ordinaria da Comisión de Nomenclátor, Distincións e Honras na que, entre outras cuestións, informouse favorablemente a adxudicación do nome “José Ventosa” ao velódromo do Carregal.

